

Equus ferus Atlanticus. As burras do monte da Serra da Groba

XILBERTE MANSO

RESUMO

Os Garranos. Un patrimonio natural, cultural e etnográfico en perigo de extinción. Cabalos, burros e garranos. Marcas tradicionais. Evolución do censo nos curros 1970-2014. Algúns apuntamentos aclaratorios.

PALABRAS CHAVE: Garrano, Equus ferus Atlanticus, marcas, curro, burras do monte, serra da Groba.

ABSTRACT

The "Garranos". A natural, cultural and ethnographic heritage in danger of extinction. Horses, donkeys and "garranos". Traditional marks. Evolution of the census in round-ups 1970-2014. Some explanatory notes.

KEY WORDS: "Garrano", Equus ferus Atlanticus, marks, round up, "burras do monte" (mountain female donkeys), Groba Mountains.

Tradicionalmente as burras do monte, do antigo territorio chamado Terras de Turoño, veñen sendo marcadas a ferro, seguindo un patrón ou costume que se herda de pais a fillos, e que posibilita que cada propietario identifique sen maior dificultade as súas bestas no monte. Estas bestas, burras, garranos ou cabalos do monte, viven en completa liberdade nas serras do Val Miñor, A Groba e O Galiñeiro, e noutros montes do país, constituíndo un rico patrimonio natural, cultural e etnográfico que nos últimos anos vén sendo atacado dun xeito demoledor non só polo seu depredador natural o lobo (xa non se dá o caso nas serras do Val Miñor por estar extinguido dende os anos setenta) senón polo home, o maior depredador do planeta. Unhas veces de forma consciente e a mantenta, outras por desleixo, abandono e/ou imprudencia, e tamén pola forte presión que o ser humano ten feito sobre o medio natural coas transformacións de usos e costumes que teñen modificado o nicho ecolóxico no que vive o “Equus ferus Atlanticus”, denominación científica do garrano galego, subespecie de “equus ferus ferus” ou cabalo doméstico do que se coñecen moitas razas. As burras da Serra da Groba, así chamadas pola súa baixa alzada e pelame invernal que non as diferencia moito do que sería un burro fariñeiro “equus asinus”, son realmente unha subespecie de cabalo salvaxe, o que os noso veciños portugueses denominan garrano, termo derivado do inglés “garron” e que é un nome que o zoólogo Felipe Bárcena propón para os cabalos salvaxes galegos, dado que ao ser considerados unha subespecie, polo de agora, (pendentes de análises xenéticas que tentan demostrar que son unha especie de “equus”) non se deben chamar cabalos pois non serían tal ao ter diferenzas manifestas na súa morfoloxía, anatomía e etoloxía. Igual que a unha cebra ninguén lle chamaría cabalo, os garranos ou burras do monte tampouco os debemos denominar así pois non son unha raza de cabalos senón unha especie diferente de “equus”, que leva vivindo ininterrompidamente na nosas serras milleiros de anos, segundo pon de manifesto o rexistro arqueolóxico dos petróglifos, tan abondosos na nosa bisbarra e na outra beira do Miño, no veciño Portugal.

No territorio ao que nos imos referir neste traballo, os garranos viven e críanse en liberdade, dende que nacen ata que morren, seguindo unhas pautas de comportamento singulares para esta zona se as comparamos cos garranos doutros lugares de Galiza e Portugal. Estas pautas de comportamento veñen dadas, en primeiro lugar, pola propia serra, o clima e o espazo no que se moven. En segundo polo costume tradicional da festa dos curros que na Groba e no Galiñeiro ten as súas singularidades, e que é o único momento do ano no que as burras son manipuladas comunitariamente. No Val Miñor os curros comezan moi cedo, na primavera, e seguen unha orde de sur a norte na súa celebración, comezando na Valga o segundo domingo de maio, e seguindo en Torroña o primeiro domingo de xuño, Mougás o segundo, e en San Cibrán na Portavedra o terceiro. A seguir pasan á outra serra, O Galiñeiro, cos curros de Morgadáns e de Vincios.

Estes costumes teñen producido nos garranos da Groba e do Galiñeiro unhas características etolóxicas que non imos explicar polo miúdo, por non ser o tema deste artigo, pero que si temos que mencionar, pois supoñen o xeito de moverse na serra os animais e o por que en cada estación do ano varían o seu comportamento modificándoo, variando a extensión das áreas territoriais e os grupos de individuos, co cal os propietarios para controlar os animais (ver se teñen crías, se morreron no inverno, están enfermos ou baixan aos campos, etc.) deben saber estes costumes e coñecer o terreo. A falla de alimento e de auga e o número de garañóns condicionan moito os movementos dos grupos familiares, nos que unha matriarca (singularidade da Groba) vén sendo a que dirixe os

pasos que dan os garranos no seu deambular pola serra. Normalmente, cada grupo ten unha zona de territorio no que vive e só se ve modificado por ausencia de alimento, a dureza do clima ou pola presión do garañón nas épocas de celo. O ser a ratio dos garañóns moi pequena respecto do número de femias leva a que os grupos ou greas que noutros lugares son dirixidos polos machos, se movan de xeito diferente.

Estes movementos das greas ou grupos de individuos poden ser controlados ao lonxe en primeiro lugar polo coñecemento da etoloxía dos animais, o que nos leva a localizalos nunha zonar concreta da serra segundo sexa o tempo e a estación do ano; en segundo, polas características da capa do animal e en terceiro lugar polas marcas ou sinais que se lle fan cando se manexan nos curros.

Na Groba temos catro curros, o que significa que hai unha distribución espacial que marca os lindeiros de influencia ou control de cada curro. Nese espazo físico, coas súas características xeográficas habitan un número determinado de exemplares constituído polos garañóns, as femias adultas, os exemplares xoves ou semiadultos e as crías do ano. Estes animais distribúense polo monte en pequenos grupos familiares, deambulando sempre polas mesmas zonas ou territorios, agás, como queda dito, cando hai presión doutro grupo, dun garañón ou hai escaseza de recursos alimenticios e/ou auga. Os territorios son sinalados por marcas de olor e excrementos, igual que ocorre noutras especies, e por rinchos audíbles a gran distancia, e o control visual dado que a maioría dos espazos nos que deambulan son de monte baixo e míranse uns animais a outros en grandes distancias.


Di Francisco M. Chivite Mosquera, subdirector xeral de gandería da Xunta de Galicia na época do goberno bipartito:

No ano 2005, no goberno bipartito, a Consellería do Medio Rural, a equipa de Alfredo Suarez Canal marcouse como obxectivo favorecer a multifuncionalidade dos montes adoptando diversas medidas para pór en valor esas superficies de alto interese estratéxico para o desenvolvemento do país. Así dende a subdirección xeral de Gandería iniciamos a elaboración dun proxecto integral de ordenación... A concreción foi a publicación no ano 2008, do Decreto 268/2008, do 13 de novembro, polo que se establecen as normas que regulan o rexistro e identificación dos animais equinos, as medidas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas, as paradas de sementais equinos co servizo a terceiras persoas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas.

O chamado “decreto equino” pretendía ordenar e organizar a cabana equina de Galicia, considerando que o “gando equino” supuña un factor importante a considerar e potenciar no país. Esta pretensión, que nos parece lexítima e fundamentada, errou nunha parte moi importante no enfoque que se lle deu aos garranos, bestas ou burras do monte, denominados no “decreto equino” cabalos mostrencos.

Segundo o noso parecer os erros foron:

1. Denominar gando os animais salvaxes.
2. Tratalos como cabalos mostrencos.
3. Non singularizar e discriminar os garranos como un patrimonio singular de Galicia.
4. Non crear un regulamento específico para os garranos.



A distribución espacial dos curros da Groba.

Todos estes erros traen como consecuencia que se produzan outros que sumados levaron a crear entre os propietarios dos garranos unha grande incerteza, nun primeiro intre, e despois unha chea de sensacións que deviñeron na percepción de que estes animais non interesaban no monte e que o que se perseguía era extinguilos e/ou confinálos nunhas reservas concretas nas que perderían o status de salvaxes, a tradición dos curros e o gran patrimonio natural que supoñen ao ser considerados gando en réxime de explotación extensiva, como calquera outra especie que normalmente se explota con fins comerciais. Nos anos posteriores á publicación do decreto produciuse unha gran perda de animais na Serra da Groba. A xente comezou a vender os animais para fóra, sendo Portugal e Valencia os destinos preferentes.

Houbo por parte dos propietarios intentos de negociar coas administracións e varias manifestacións en Baiona e Vigo, a pé e a cabalo, para protestar polo “decreto equino” e a imposición de implantar un microchip como método de identificación.

No verán de 2013 comezouse a pór o microchip ás burras do curro da Valga, non sen polémica por non haber consenso entre os propietarios, cedendo ás presións a que foron sometidos e ao medo ante as ameazas de multas por parte da Xunta de Galicia se non se identificaban co microchip. No ano 2011 o curro da Valga deixou de pertencer á única sociedade de propietarios de burras do monte que había na Serra da Groba. As presións políticas sobre os paisanos e os ruxe ruxes sobre as consecuencias do “Decreto”, comezaron a producir efectos e discusións que levaron á escisión do curro da Valga da sociedade que ata entón acollía a tódolos curros da Groba. A sociedade chamada ata ese intre “Asociación de Ganaderos de Caballos Monte da Groba” pasou a agrupar só ás bestas dos curros de Torroña, Mougás e San Cibrán.

No ano 2012 preséntase por parte de varias asociacións, entre as que se atopaban as da Groba, un Recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra o chamado “decreto Equino”. Nese proceso, no ano 2013 foron chamados a declarar como testemuñas da parte recorrente ou demandante Xavier Álvarez-Blázquez, secretario da “Asociación de Gandeiros de Cabalos do Monte da Groba”, Felipe Bárcena, zoólogo, investigador da Universidade de Santiago e o autor deste artigo, Xilberte Manso, como representante da asociación ecoloxista “SOS Groba”. Nese recurso argumentábase contra o decreto e aclárase, contra o que di a Xunta de Galicia, que a Unión Europea non obriga a identificar con microchip os animais salvaxes, en concreto os cabalos, e sinálanse varios exemplos de lugares en Inglaterra, onde se dan casos parellos ao noso, de cabalos en liberdade e que se controlan en algo parecido aos curros que se fan no Val Miñor e noutros puntos do noso país.

Resumindo os erros que consideramos que a Xunta de Galicia comete no tratamento dos garranos galegos:

Gando: Os garranos non son gando aínda que si o poidan ser nalgúns casos. Gando constitúeno os animais que son criados, manipulados e controlados polo home para tirar un beneficio material e/ou económico, influíndo directa e sistematicamente na súa alimentación, cría, control, venda e aproveitamento.

Mostrencos: Os garranos non son animais mostrencos. Mostrenco é o animal que non ten dono, e os garranos da Serra da Groba teñen todos dono coñecido, de aí as marcas gravadas a ferro no coiro do animal. Non discutimos que si poida haber animais mostrencos noutras zonas do país, por moitos motivos diferentes.

Patrimonio singular de Galicia: Os garranos son un patrimonio singular de Galicia, e son os únicos “cabalos” propiamente salvaxes que se conservan no mundo. Hai en liberdade cabalos en moitas partes do mundo, e ningunha delas en estado salvaxe, entendendo por salvaxes animais que viven en liberdade nun territorio concreto dende polo menos a última glaciación.

AS ORIXES. AS NOSAS BURRAS DO MONTE AO LONGO DA HISTORIA.

A presenza de équidos na Serra da Groba está documentada graficamente nos gravados rupestres que se atopan en varios lugares. Nos petróglifos dos concellos de Baiona, “Outeiro dos Lameiros” na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa,; de Oia, nas parroquias de Mougás e Viladesuso; de Tomiño, no “Real Seco”, no monte Tetón, na parroquia de Tebra; en Gondomar, no Sobral, na parroquia de Couso. Cruzado o río Miño, e como unha prolongación natural dos nosos montes, temos unha gran cantidade de gravados que representan cabalos e xinetes, con escenas de caza e monta, na que se aprecia a doma e o uso do cabalo como animal de interese e grande importancia para os habitantes destas zonas. Os petróglifos son mostras artísticas que nos deixaron os habitantes de Galicia e do norte de Portugal datados entre 4.000 ou 6.000 anos. É probable que haxa gravados con máis anos de antigüidade, mais non é doada a súa datación e só nos podemos referir a aqueles dos que a arqueoloxía ten datos para poder facelo cunha certa seguridade, e apuntalada cientificamente, fóra de hipóteses ou teorías pendentes de confirmación.

Hai équidos gravados e pintados en toda a Península Ibérica e no suroeste de Francia, cunha maior antigüidade á dos nosos petróglifos e que presentan un fenotipo moi parecido ao dos nosos garranos actuais: “Tito Bustillo” en Ribadesella, Asturias, dos períodos solutrense ao madalenense, é dicir, entre 22.000 e 8.000 anos, no paleolítico superior, dentro dunha cova; “Azcondo”, Bizkaia, preto do parque natural de Urkiola, cerca de Mañaria; “La Pileta”, Málaga, descuberta a principios do século XX, con gravados de numerosos animais e pertencentes a varios períodos do paleolítico superior: solutrense medio, gravetense, madalenense medio e madalenense superior. En Francia, no suroeste, temos o complexo de Lascaux, situado cerca de Montignac, no departamento da Dordoña, pertencen ao madalenense antigo, uns 15.000 anos. Son pinturas sobre rocha, feitas con óxidos e minerais dunha naturalidade e detalle impresionantes.

Xa á intemperie, en Portugal temos uns équidos gravados na rocha en Foz Côa, no val do río Côa. A finais dos anos 80 do pasado século, foron atopados para arqueoloxía milleiros de gravados que xa eran coñecidas polos pastores e veciños, e nos que se dataron petróglifos de hai 22.000-10.000 anos ata os nosos días. Dende 1995 arqueólogos estudan estas figuras que, no seu conxunto, foron nomeadas Patrimonio da Humanidade.

Todos estes équidos que amosamos presentan unha gran similitude coas nosas actuais burras do monte, cos garranos galegos que están aí, nos nosos montes probablemente sen interrupción dende a última glaciación, e que segundo as investigacións dos expertos e os traballos do zoólogo, da USC, Felipe Bárcena, son o único équido verdadeiramente salvaxe que se conserva no mundo. Para entender isto o Bárcena



Outeiro dos Lameiros.



Lascaux.



Foz Côa.

explica a evolución dos équidos que existen vivindo en liberdade no mundo na actualidade, e que nós imos tentar explicar, partindo da súa teoría, recorrendo a varias fontes documentais.

EQUUS FERUS

“Equus” é pois un xénero de mamíferos perisodáctilos da familia Equidae, sendo o único xénero supervivente dunha familia antigamente moi diversa. Son “equus” os cabalos, os burros e as cebras. Os cabalos e os burros foron domesticados polo home dende a antigüidade e deron numerosas razas. As cebras manteñen o seu estado salvaxe existindo tres especies e moitas subespecies. As poboacións de cebras varían moito, e as relacións e status taxonómicos de moitas das subespecies son pouco claros. Por outro lado, convén recordar que a palabra “cebra” non representa unha realidade dende o punto de vista evolutivo, senón que agrupa artificialmente tres especies en función dun

carácter (a pel a raías) que non é derivado, senón primitivo. As raías aparecen tamén en maior ou menor medida nas patas e lombo de burros e cabalos salvaxes, e maniféstanse máis fortemente nos híbridos, aínda que entre os proxenitores non haxa ningunha cebra (caso das mulas), evidenciando que a presenza de raías é un carácter antigo dentro do xénero *Equus* e non un derivado propio dun subgrupo dentro deste. As cebras, simplemente, foron “un paso máis alá” no desenvolvemento dunhas raías que xa posuían, mentres que os cabalos e burros tenderon a perdelas ou “enmascaralas”. Aínda que a taxonomía das cebras segue sendo dubidosa, certos estudos indican que a cebra da chaira e a de Grévy son especies irmás, pero que a cebra de montaña está máis emparentada co cabalo que con estas. Dentro dos équidos actuais, o grupo tradicional formado polos burros africanos e asiáticos sería o único cunha historia evolutiva detrás que o ratifica.

“*Equus ferus*” é a especie á que pertencen tanto o “cabalo doméstico” (*Equus ferus caballus*) como o seu antepasado salvaxe eurasiático extinto (*Equus ferus ferus*) coñecido como “tarpán”, así como tamén o “cabalo de Przewalski” (*Equus ferus przewalskii*), un taxón salvaxe, que aínda vive nas estepas do centro de Asia, reintroducido despois da súa extinción, a partir de exemplares que se conservaban en zoolóxicos. O cabalo doméstico (*Equus caballus*) descende do tarpán, e foi descrito por Linneo en 1758.

A “Comisión Internacional de Nomenclatura Zoolóxica”, coñecida internacionalmente polas súas siglas en inglés ICZN, é unha organización dedicada a “obter e desenvolver estabilidade e consenso na nominación científica dos animais”.

A “Opinión 2027” é unha norma da “Comisión Internacional da Nomenclatura Zoolóxica” que establece unha excepción no principio de prioridade para que prevalezan os nomes específicos de 17 animais silvestres fronte aos seus descendentes domésticos.

No ano 2003, a “Comisión Internacional da Nomenclatura Zoolóxica” emitiu esta norma, coñecida como “Opinión 2027”, que estableceu unha excepción no principio de prioridade dos nomes científicos para que prevalecesen os nomes das subespecies salvaxes fronte ás domésticas de 17 especies, e así evitar o paradoxo de que as liñaxes máis antigas fosen nomeadas como subespecies dos seus descendentes domésticos. Entre os taxóns comprendidos estaban os cabalos, polo cal o nome científico para a especie, englobando cabalos domésticos e salvaxes, é “*Equus ferus*”; sendo denominados os cabalos domésticos “*E. f. Caballus*”, o tarpán “*E. f. Ferus*” e o cabalo de Przewalski “*E. f. Przewalskii*”.

Estudos realizados entre as dúas subespecies viventes desta especie e un estudo molecular no ano 2009 utilizando ADN antigo (recuperado de restos paleontolóxicos) sitúa ao cabalo de Przewalski na mesma especie que o tarpán, e polo tanto do cabalo doméstico. Posteriores análises de ADN mitocondrial suxeriron que o cabalo Przewalski e o Tarpán separáronse hai uns 160.000 anos. O cariotipo do cabalo Przewalski posúe un par de cromosomas menos que o cariotipo do cabalo doméstico, xa sexa pola fusión do cromosoma 5 do cabalo doméstico no cabalo de Przewalski ou fusión dos cromosomas 23 e 24 do cabalo de Przewalski no cabalo doméstico. En comparanza, as diferenzas cromosómicas entre os cabalos domésticos e as cebras posúen numerosas translocacións, fusións, e inversións. Sábese que o cabalo de Przewalski ten o número de cromosomas diploides máis alto entre tódalas especies equinas. O cabalo de Przewalski pode cruzarse co cabalo doméstico e producir descendencia fértil de 65 cromosomas.

Dende hai miles de anos, como comentamos anteriormente, os cabalos foron usados polo home, nun primeiro intre como fonte de alimento, sendo cazados. O rexis-

tro arqueolóxico amosa moitos restos de cabalos nas covas e lugares de asentamento humano, manipulados e mesturados cos osos doutros animais que deberon formar parte da dieta dos nosos antepasados. En Galicia temos poucos restos óseos no rexistro arqueolóxico máis antigo ao non conservarse debido á acidez do chan. Aínda así téñense atopado algúns restos de équidos en distintos contextos, que foron estudados e publicados polo arqueólogo da área de prehistoria da Universidade de León, Carlos Fernández Rodríguez.

Di o profesor Fernández Rodríguez que os “equus” non deberon ter moita importancia na dieta dos nosos antepasados do noroeste peninsular, pois son poucos os restos que se atopan en comparanza cos doutros animais, e mesmo se fala da posibilidade de que xa de antigo os “equus” formasen parte dun grupo de animais protexidos por distintos tipos de tabú ou de culto relixioso ou máxico. Fala no seu artigo “La roma-



Diadema de Ribadeo.



Tarpán.



Prezwalski.

nización del noroeste de la península ibérica y las modificaciones en la presencia, uso y consumo de mamíferos”¹ do tipo de “equus” que se atopan e de que a alzada media para estes é de 140 cm.

Noutro artigo publicado na revista *Croa*, sobre os restos faunísticos atopados no castro de Viladonga, en Castro de Rei, Lugo, fala o doutor Fernández Rodríguez dun metatarso dun exemplar adulto que se conserva completo e que lle permitiu, usando o factor Kiesewater (1888), calcular a alzada do exemplar do que procedía. Trátase da única peza que permitiu calcular este dato para équidos da cultura castrexa do noroeste. Os 153,5 cm superan os prerromanos do País Vasco (ALTUNA, 1980) ou o de Soto de Medinilla (LIESAU VON LETTOW-VORBECK, 1998) sendo máis parello aos constatados nos niveis romanos de Astorga (FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 2000) onde se constataron exemplares que oscilan entre 126,3 e os 152,3cm, cun valor medio que ronda os 140,0cm de alzada.

Temos no noso país outra representación equina importante, desta vez gravada en ouro, que é o diadema de Ribadeo, na que se poden apreciar os “equus” con ramal á cabeza, moi estilizados e nun elemento ornamental de luxo como pode ser un diadema de ouro, que é un símbolo de status e de poder e no que ao cabalo se lle dá un protagonismo que salienta o seu valor na época en que foi gravado.

Atopamos tamén que, ademais de todos estes “equus” mencionados, existiu outro extinguido e que deixou pegada no rexistro toponímico e en varias fontes escritas de distintas épocas. Referímonos ao cebro. Tamén o doutor Rodríguez comenta, nunha entrevista na prensa, que non sabemos con certeza se os “equus” que se representan nos nosos petróglifos poderían ser cebros ou cabalos, dado que foron moi abondosos na nosa terra.

O CEBRO

É un équido extinguido no século XVI e que ata hai ben pouco tempo non foi estudado debidamente e que, polo que se pode atopar en fontes bibliográficas, debeu ser moi abondoso en toda a Península Ibérica. Frei Martín Sarmiento xa falaba dos cebros e o rei Alfonso X o Sabio tamén.

O zoólogo Carlos Nores, profesor na Universidade de Oviedo, de quen recollemos a información que segue, ten estudado o cebro, que se identificaba como “Equus hydruntinus”, una especie de équido descrita en 1904 en Italia e que parecía un pequeno burro distinto do introducido polos fenicios, e aclara parte do misterio que había ao redor deste animal. Foi no ano 2011 cando a investigadora Eva María Geigl do Institut Jacques Monod de París, a partir de análises de ADN mitocondrial de restos de équidos de ata 100.000 anos de antigüidade, descubriu que o “Equus hydruntinus” nunca existiu e que o cebro era un cabalo e non un burro, como contrariamente se pensaba.

Di o zoólogo Nores :

Agora pensamos que o cebro era un cabalo salvaxe similar ao tarpán da estepa, descrito a finais do século XVIII no sur de Rusia e en Ucraína, que se extinguiu a finais do XIX, e ao que chamaban tarpán de bosque, que viviu en Bialowieza, en Polonia, e desapareceu cara o 1810.

Nores opina que os dous tarpáns e o cebro eran un mesmo tipo de cabalo adaptado a ambientes diferentes, “e supomos que tamén está relacionado co sorraia portugués, descrito cerca de Lisboa, na área da distribución do cebro, pero non o sabemos”. O seu aspecto sería similar ao do cabalo de Przewalski, que sobreviviu nalgúns núcleos zoolóxicos; un cabalo miúdo, de patas finas, con crinas de punta, de capa gris ou isabelina, uniforme, agás pola “raia de mulo” que percorría o seu espiñazo, co extremo distal das patas mouro e, en ocasións, con “cebraduras” na parte alta das patas.

“A maior parte do que aparece deste animal son restos de extremidades e dentes, non se coñece ningún esqueleto completo ata o século XXI. Todo o que, por tamaño, non podía ser de cabalo asignábase a “*Equus hydruntinus*””, explica Nores. Esa asimilación do cebro cos burros non é exclusiva dos paleontólogos do século XX. Así, Alfonso X o Sabio identifica o cebro co onagro asiático, un tipo de burro salvaxe que nunca habitou na península denominándoo “asno montés”, e mesmo Nikolai Przewalski, coronel de cabalería, explorador e descubridor, no último terzo do século XIX, do cabalo mongol que leva o seu apelido, pensou que debía tratarse dun onagro.

A documentación medieval reflicte o proceso de extinción do cebro ibérico e tamén dá información da causa da súa extinción: o cebro era una peza de caza, unha práctica recollida por Alfonso X o Sabio no “Libro de la Montería” e regulada xa nos primeiros foros: o de Cuenca, de finais do século XII, e o de Teruel, do XIII. Do cebro aproveitábase a carne para consumo humano, o coiro, co que se fabricaban escudos e zapatos, (chamados “zebrunos” en Portugal). Carlos Nores fala de que, probablemente, os matasen tamén para evitar que os garañóns de cebro levaran con eles as eguas dos cabalos domésticos, e fai un mapa da distribución do cebro, que no século XII ocupaba Portugal, parte de Galicia, Asturias e a Meseta Norte e todo o centro peninsular, chegando polo leste ata Murcia, e que se contrae case á metade no século XIII, perdendo os territorios setentrionais, e quedando reducida a tres “illas” no século XIV e a un último refuxio no XVI, na área de Chinchilla, en Albacete. A esa última poboación refírese un texto de 1576, que fala do cebro xa en pasado:

*En esta tierra había muchas cebras, las cuales eran a la manera de yeguas cenizas, de color de pelo de las ratas, (...) y corrían tanto que no había caballo que las alcanzara.*²

Tres anos máis tarde, outro dato, procedente do lugar de La Roda, tamén en Albacete, aproxima a data de extinción deste cabalo salvaxe ao dicir que «acabose hace unos 40 años» la caza de «las cebras». Mais, parece que algún exemplar illado sobreviviu, pois máis dun século despois, en 1682, cítase en Badaxoz a existencia do que chaman «jumento cebro».


O ONAGRO

O “*Equus hemionus*” ou burro salvaxe asiático é un équido que vive nas estepas e montañas de Asia, moi parecido ao burro doméstico, pero máis robusto e de maior cabeza e tamaño corporal que este.

As palabras onagro e hemión proceden do grego e significan burro salvaxe, medio burro, respectivamente. Os hemións diferéncianse dos burros africanos no menor tamaño das orellas e a ausencia das raias negras nos pés, perdidas tamén na maioría dos burros domésticos. A cor e a lonxitude do pelo varía, segundo os exemplares e as subespecies, variando entre o branco amarelado e o negro, aínda que o leonado é o que máis adoitan ter. A altura á cruz é de 1,3m aproximadamente. Viven preto das zonas onde hai auga e aliméntanse de herbas e mato. Poden pasar moito tempo sen beber, mais prefiren roldar as zonas húmidas, dado que non aguantan tanto como outros animais a escaseza de auga.

Ata o século XVIII vivían distribuídos uniformemente nunha extensión que ía dende Anatolia e as estepas de Rusia meridional ata Manchuria, mais na actualidade atópase moi restrinxido a varias zonas illadas dispersas por esta área. Viven en grupos de menos dunha ducia de individuos gobernados por un macho dominante, que é o semental, que se aparea coas femias e que defende o seu grupo doutros machos adultos. Aparéanse na estación húmida e as femias paren unha única cría cada dous anos e que abandona o grupo ao chegar a madurez sexual, garantindo así o troco xenético entre as distintas poboacións.

O onagro conta co lobo e o home como únicos inimigos. Foi cazado dende o paleolítico pola súa carne e a súa pel, ademais de competir co home polos pastos para os animais domésticos. Esta especie está en grave perigo de extinción, a súa distri-



Cebro.



Cebra.



Onagros.



Garrano.

bución fragmentada e cun número de individuos en estado salvaxe que anda polos 1.000 exemplares. A pesar de ser salvaxes, son domesticables. Ten se rexistrado o seu emprego na Baixa Mesopotamia entre 3.000 ou 3.500 anos antes da nosa era.

Debido ao amplo da súa distribución, os burros asiáticos ramificáronse en multitude de subespecies, que na actualidade quedaron illadas debido á súa desaparición de moitas rexións, co que se ten acelerado o proceso de especiación. As subespecies teñen tantas diferenzas externas que nalgúns casos (e incluso todos) tense suxerido a súa adscrición a novas especies. Por agora, o consenso é o de consideralas subespecies, das que se teñen nomeado un total de seis:

1. O “onagro persa”ou simplemente onagro, a subespecie “*Equus hemionus onager*” a máis coñecida e mellor estudada. Ata o século XIX atopábase presente en case, toda Persia, Kazaxistán, e incluso nas estepas da Rusia europea e a Ucraína, pero a súa distribución reduciuse tanto que hoxe só se atopa en áreas protexidas do noroeste de Irán e Uzbequistán. Caracterízase polo leonado moi curto e crinas escuras.
2. O “burro salvaxe indio” (*Equus hemionus khur*), chamado tamén “*khur*” ou “*ghorkar*”, é unha subespecie de coiro gris curto que se atopa en estado crítico, ao igual que o onagro. Habita nas chans de Paquistán e o nordeste da India.
3. O “burro salvaxe sirio” (*Equus hemionus hemippus*). Extinto, era similar ao onagro, pero de tamaño máis pequeno e pelo máis claro. Cunha altura duns 100cm ata a cruz, era a subespecie de menor tamaño dos burros salvaxes asiáticos. Ata o século XVIII podíase atopar en varias zonas de Oriente Próximo, como Siria, Mesopotamia e Arabia, pero declinou rapidamente no século seguinte. Parece ser que o último exemplar coñecido en liberdade foi cazado en 1927 cando baixaba a beber ao oasis Al Ghams, preto do Lago Azrak, en Xordania. O último espécime cativo morreu ese mesmo ano no parque zoolóxico de Schönbrunn en Viena. Foi domesticado -algo único entre os hemións- perante un breve período en Sumeria deica o 2600 a.c., onde se usou para tirar dos carros.
4. O “burro salvaxe de Anatolia” (*Equus hemionus anatliensis*). Extinto, estaba distribuído por Asia Menor e zonas lindantes. Foi a primeira subespecie en extinguirse, aló polo ano 1700.
5. O “kiang” (*Equus hemionus kiang*). É a subespecie que con máis frecuencia se separa do resto nalgunhas clasificacións como especie distinta. É un burro de pelo escuro e laúdo que vive nas montañas do Tíbet, ás veces a grandes alturas non acadadas pola maioría dos unglados. É o burro asiático de distribución máis grande e un dos máis abundantes, atopándose no norte de Paquistán e India, en Nepal e no oeste de China.
6. O “kulan” (*Equus hemionus kulan*) sobrevive hoxe en día nalgúns parques zoolóxicos e reservas protexidas de Turkmenistan. É probablemente o hemión máis ameazado de todos.
7. O “kulan do Gobi” (*Equus hemionus luteus*) e o burro salvaxe mongol, o “*chigetai*” (*Equus hemionus hemionus*), confúndense adoito. Son as dúas subespecies presentes en Mongolia e as que gozan de mellor saúde aparte do kiang.

O GARRANO EN PORTUGAL

Esta é a denominación das nosas burras do monte no norte de Portugal. Raza en perigo de extinción e que foi proposta polas autoridades portuguesas para ser considerada Patrimonio Nacional.

Segundo a páxina web³ na que se propón o garrano como Patrimonio Nacional, proposta do Instituto Politécnico de Viana do Castelo, entre outras institucións do norte de Portugal:

Os Celtas trouxeram cavalos de pequeno porte mas muito resistentes que acabaram por se cruzar com esta população equina autóctone refugiada nas regiões montanhosas do Norte da Península. Aí se acantonou, então, o que se designou como cavalo celta (E.caballus celticus), característico das regiões montanhosas frias e húmidas - o ancestral mais recente do cavalo Garrano.

Falan tamén, para reforzar a hipótese da orixe celta do garrano portugués, da orixe da palabra garrano. En Portugal mantívose a mesma raíz celta que deu “gearron” en gaélico e o “garron” escocés, baseándose en estudos feitos por Ruy d’Andrade que refería en 1938 que en Irlanda e por veces en Inglaterra e na Escocia aínda usaban o termo antigo “garron”. Tamén refire Ruy d’Andrade (1930) “o comercio destes garrons ou Garranos foi activo desde os tempos pré-históricos e durante a Idade Média, desde a Irlanda e Inglaterra à península e vice-versa”. O pónei Highland é moitas veces denominado na Escocia como “Garron Highland” o que vén concordar co escrito por este zootécnico portugués.

Os esforzos que se están a levar a cabo en Portugal para recuperar a raza e as poboacións de garranos ceibos nos montes e serras do norte amosan unha preocupación e interese que non vemos no noso país nin nas autoridades competentes. No seu programa de recuperación atopamos argumentos que nós mesmos asumimos e partillamos en palestras e reunións coas autoridades da Xunta de Galicia e que non atopan ningún tipo de resposta en positivo. Reproducimos estes argumentos tal e como se poden atopar na web citada.

A recuperação da raça Garrana tem como pilares fundamentais preservar, melhorar e divulgar. A salvaguarda do património genético e cultural, nos seus ecossistemas de montanha, consubstancia-se em projectos de desenvolvimento rural integrado, particularmente através de estratégias ambientais e turísticas de elevada qualidade e altamente diferenciadoras.

Neste sentido, um conjunto de entidades, de foro académico, científico, técnico e da administração local, bem como de organizações e individualidades de reconhecido mérito, entenderam promover uma Candidatura a Património Nacional do Garrano.

Esta candidatura, a ser coordenada pelo Instituto Politécnico de Viana do Castelo, pretende contribuir para a manutenção de um recurso biológico insubstituível integrando, num conceito holístico, perspectivas produtivas, genéticas, ambientais, sociais e culturais, evitando a tendência regressiva de uma raça autóctone e reforçando o orgulho e a identidade de um povo. É esta

uma obrigação de uma região, de um país, de uma população com orgulho na sua identidade e na sua cultura.

Neste contexto, a candidatura, rege-se pelas seguintes acções:

- Estudo e caracterização da população garrana e sua envolvência social, ambiental, cultural, turística;

- Promoção e Divulgação: constituindo uma Marca, um Museu Virtual, promovendo as “Rotas do Garrano”, Internacionalizando a Rede de Equinos do “Tronco Celta” e prosseguindo no objectivo do reconhecimento do Garrano como Património;

- Intervenção Científica/Congresso: Ponto de referência e de intervenção científica que divulgue os trabalhos realizados ao longo deste projecto e seja o início de pontos de reflexão sobre o “Mundo do Garrano”;

Pelo exposto, e de forma a contribuir positiva e eficazmente, na preservação de uma espécie, com um património genético único nacional -a Raça Garrana- é necessário a consolidação/inter-ajuda de entidades nacionais competentes, num longo caminho a percorrer.

EQUUS FERUS ATLANTICUS, O ÚNICO CABALO SALVAXE DO MUNDO

Segundo Felipe Bárcena, os équidos que viven nos montes galegos, e que son o que queda dunha antiga poboación máis abundosa antigamente, son os únicos “equus ferus”, o que chamamos cabalos, verdadeiramente salvaxes que hai no mundo. Tódalas demais mandas de cabalos salvaxes que existen son cabalos reintroducidos pola man do home nos respectivos territorios, unhas veces despois da extinción como ocorre co cabalo de Przewalski, domesticado hai 5.000 anos, extinguiuse en liberdade en 1969 cando se cazaron os últimos exemplares. En 1977, a partir de exemplares que se conservaban en zoolóxicos, púxose en marcha un programa de reprodución para reintroduci-lo nas estepas de Mongolia no ano 1992. É polo tanto un cabalo que hoxe se pode atopar en estado salvaxe, mais que non está aí de xeito natural senón grazas á axuda humana.

Non concorda pois está teoría coa dos portugueses que atribúen a orixe do garra-no aos cabalos traídos polos celtas. Serían “equus” que levan vivindo na nosa serra



Garranos da Groba.

dende antes de que os celtas fosen chegando á nosa terra, pois dende a última glaciación permanecerían ininterrompidamente neste hábitat semi illados.

Os mustang de Norteamérica son cabalos salvaxes que foron introducidos polos conquistadores.

O sorraia portugués ten moitas semellanzas cos cabalos primitivos que se atopan nas

pinturas rupestres e co extinto tarpán. É un cabalo que se conservou en Portugal entre os ríos Sor e Raia, utilizado polos labregos para arar e tirar de carros, e que probablemente teña cruces doutras razas como a española, cartujano e lusitano.

Hai cabalos en liberdade en Inglaterra, en Portugal, en Australia, nos desertos de Namibia, nas marismas andaluzas, na Bretaña francesa,..., máis non son cabalos salvaxes senón asilvestrados. As nosas burras, segundo puidemos ver, serían os únicos “ferus” que poderíamos chamar propiamente salvaxes.

AS MARCAS DOS GARRANOS DA GROBA

As marcas gravadas no coiro dos garranos fanas os propietarios para distinguilos ao lonxe entre outros animais, e para marcar o sinal da propiedade da casa, moitas veces herdadas de pais a fillos durante xeracións. Estas marcas fánelles aos animais na festa dos curros, unha vez separadas as crías dos adultos no intre en que se van volver ceibar e despois de cortarlles ou “raparlles” as crinas. Os exemplares novos que van ficar no monte son identificados co marco da casa que se pon ao lume, para que cando estea o ferro candente pórle a marca na anca dereita (normalmente) que permanecerá alí, visible a longa distancia, mentres o animal viva ou lle sexa modificada por outra se é que troca de propietario.

As marcas poden ser de tres tipos:

1. Figuras: Un debuxo que representa un obxecto, símbolo ou figura xeométrica. Danse casos de figuras ou símbolos moi semellantes aos que xa aparecen noutro tipo de representacións como poden ser as marcas de canteiros ou as dos petróglifos. Ferro Couselo publicou un artigo sobre as marcas que posuían os animais do mosteiro de Melón, e Sobrino Buhigas no seu libro *Corpus Petroglyphorum Gallaciae* amósanos, a Pedra Boullosa na que aparecen signos moi parecidos aos que podemos atopar marcando algúns exemplares.
2. Números: Ás veces a marca é un número ou varios, que pode ser o número que ten a familia no rexistro de propietarios ou non.
3. Letras: Unha letra ou varias iniciais, maiúsculas ou minúsculas, posta do dereito ou do revés.



Curro de Torroña.

Hai outros xeitos de marcar os garranos que na Serra da Groba non é o máis frecuente, e consiste en facerlles marcas nas orellas cortándolles parte ou fendéndollas. Este xeito dáse en moi poucos animais na Groba aínda que si ten a súa importancia noutros lugares do país.

Tamén son marcados, xa máis recentemente, con chapas ou grampas nas orellas, como os crotales que se utilizan con outros animais domésticos como as ovellas, cabras ou as vacas. Tampouco é o máis abondoso e non é significativo na Groba.

Outro xeito de marcar é con marcas feitas en frío con nitróxeno líquido, a menos 196 graos, que tamén é escasa.

OS MARCOS

Os marcos de ferro cos que se fan as marcas nos animais son utilizados por cada familia segundo os costumes tradicionais. No curro, pola tarde, normalmente arredor das cinco, cando se comezan a sacar os animais para fóra, comézase polas crías, para que non sufran accidentes e poidan ser esmagadas pola masa de greas xuntas. Despois sácanse os garañóns, para que non se pelexen dentro do curro pequeno, onde os animais están sometidos a unha gran presión física, dadas as dimensións do curro, e a un grande estrés producido pola presenza doutros garañóns próximos e os homes que buscan entre a masa de cabezas rinchantes as crías pegadas ás patas das súas nais. Os garañóns normalmente son de propiedade comunitaria e levan o marco da comunidade que os identifica.

Postos nunha fogueira, feita con carozos de millo e uns pitelos de madeira, ao lume para que se poñan incandescentes, os marcos fanse con ferro e un mango longo de madeira para non queimarse. Na punta levan o sinal do propietario que se ha marcar no coiro do animal.

Unha familia ou propietario pode ter varios marcos, porque xa os herdou de vello ou porque llos mercou a alguén que lle vendeu os animais e o marco. Cando só se vende o animal, o que normalmente se fai é pórille o marco do novo propietario por riba do vello ou ao lado. Tamén, ás veces, se lle pon na anca do outro lado.

Os máis abondosos son os que representan números, seguidos das letras e, cada vez menos, os símbolos.

CODA

As marcas feitas a ferro no coiro dos garranos son unha parte importante dos valores culturais e etnográficos que teñen as nosas burras do monte. Con modificacións ao longo dos anos no canto do seu grafismo, sempre supoñen un valor importante para o control real dos animais durante o ano no seu deambular pola serra. Están presentes, probablemente dende os primeiros tempos nos que o home domea a besta, e son un patrimonio singular importante, máis polo seu valor práctico que polo simbólico que se foi modificando ao longo dos anos. Tamén queremos salientar que este xeito de marcar os animais non é exclusivo dos nosos garranos, tamén se dá noutros lugares do mundo e con outros animais como os bois e vacas, os touros bravos, camelos e

dromedarios, e tódolos cabalos ceibos e domésticos. Teñen sonda na Península Ibérica os sinais ou ferros dos touros bravos e dos cabalos de montar, andaluces e árabes das grandes gandarías e criadores españois e portugueses.

A presenza da obrigatoriedade do microchip supuxo un gran inconveniente no manexo dos garranos, máis polo custe e o pesado do proceso no día do curro, e polo pouco práctico que é ao non mellorar en nada o manexo e control destes animais. Só ten utilidade cando os animais están presos ou mortos, circunstancias estas que se dan, como facilmente se pode entender, en limitadas ocasións, non sendo precisamente nas máis conflitivas ou problemáticas.

Hai que salientar o que está a supor o maior problema, derivado da mala xestión e regulación por parte da Xunta de Galicia deste patrimonio senlleiro, a perda de propietarios nas parroquias, unido á baixada do número de animais. Sendo esta significativa, éo máis a de propietarios, no caso dalgúñas parroquias case irreversible, como se pode ver nas gráficas adxuntas. A perda de continuidade na transmisión familiar dos garranos levou, nos últimos anos, a que nalgúñas parroquias do Val Miñor e de Oia, nas que moitas familias tiñan burras no monte, desaparecesen totalmente, co que isto significa na perda deste patrimonio etnográfico con raizames milenarias.

Consideramos que este é o maior perigo que hai que afrontar para que non se perdan totalmente nos nosos montes os animais en estado salvaxe. Os agrupamentos en propiedades, máis ou menos extensas, xa sexan comunitarias ou particulares, non van evitar a perda dun patrimonio singular que se podería salvar con medidas eficientes de posta en valor dos garranos así como o seu estudo e divulgación dende, en primeiro lugar, as propias localidades, e a súa posterior promoción por todo o país e o estranxeiro, como un valor natural, cultural, patrimonial e turístico.

Propomos que á maior brevidade se faga un regulamento específico para os garranos, no que se teña en conta a súa singularidade, se analicen os problemas que se poidan dar e se artellen posibles solucións acaídas a cada caso; se realice un censo de animais por zonas xeográficas, propietarios, modelos de xestión, sociedades e curros.

Que se cree unha comisión na que estean representados os propietarios dos garra-



Marcos no lume.

nos e os dos montes, os científicos, os grupos conservacionistas e ecoloxistas, as administracións locais e autonómicas, os representantes de tódolos grupos parlamentarios, para elaborar un documento que sirva de base para o regulamento que o goberno galego leve ao parlamento para ser aprobado por consenso. Conside-

ramos que a defensa do patrimonio, neste caso natural e etnográfico, non pode supor motivo de enfrontamento, senón de consenso, previos os estudos e análises técnicos por parte do mundo académico e científico.

Este artigo só quere amosar unha realidade e divulgala para que se vexa con números e datos reais a evolución e situación crítica pola que está a pasar o noso singular patrimonio dos garranos, burras ou bestas do monte, cabalos salvaxes galegos. Outras voces máis cualificadas terán que achegar datos que, sabemos, están en fase de investigación e estudo, como a xenética das nosas burras e a súa situación noutras partes do país. Agardamos que cando menos os datos numéricos das gráficas das parroquias dos curros da Serra da Groba sirvan para ter unha visión máis detallada da evolución nos últimos anos dos garranos e do número de propietarios. As marcas, sendo un patrimonio etnográfico interesante, seguirán aí mentres haxa burras. O seu valor de diversidade gráfica case xa está decantado polo alfanumérico, sendo os símbolos cada vez menos significativos en cantidade. O número de propietarios vaise perdendo por moitos motivos que habería que analizar noutro artigo, aínda que a regulación do chamado “decreto equino” veu empurrar moitos propietarios a desfacerse dos seus animais e dos marcos que, na maior parte dos casos, levaban nas familias xeracións e xeracións herdándose de pais a fillos.

Aínda estamos a tempo de recuperar un e outro patrimonio se somos quen de traballar conxuntamente, administracións, propietarios, científicos, asociacións ecoloxistas e conservacionistas. Sirva este traballo de convite para pornos á tarefa.

Val Miñor, xaneiro de 2015



Catro marcas.

ANEXO 1 - MARCAS

Amosamos uns cadros co número e tipo de marcas nos curros da Valga, Torroña e Mougás, segundo os datos de Pedro Iglesia do ano 1972, nos que nos di que ten recollidas un total de 152 marcas diferentes en toda A Groba e os que nós temos recollido para os períodos 1987- 1990 e 2001-2014.

Marcas no curro da Valga

1974			2001-2014		
Numéricas	Letras	Símbolos	Numéricas	Letras	Símbolos
	A			A	
01	AD	V	41	AL	
				AO	b
	AF		7	BD	
	AG		70	BP	
	B		36	C	
			84	CE	
				D	
				d	
				DA	
				dd	
	DO		73	DI	
				F	
	TO		71	FA	
				FF	
	EM		23	FU	
				GC	
10	G	Áncora	4	H	†
				IL	
				JI	
	IC		27	JP	
				JP	
2	IJ	†	3	K	e
20	IP		42	M	RR
	iR		18	MG	
26	JM		6	MO	
33	OZ		5	MR	
4	PE			N	
				P	
				PM	
40	SA		19	R	
41	Si		8	RG	
8	SM		25	RI	
	SP			RO	
				RR	
				Rt	
	SS		2	S	
				S	
				SE	
				SG	
91	T		79	TA	
				TI	
				V	
	TC		56	VG	
				VH	
				VO	

Marcas no curso de Torroña

1974			2001-2014		
Numéricas	Letras	Símbolos	Numéricas	Letras	Símbolos
0	cv		1	AD	A2
00	D		1	AE	A3
21	E		5	AI	A4
30	F		06	AL	J5
51	H		8	AO	L5
6	HD		18	Aq	X3
7	I		19	AR	X4
70	J		20	B	Z9
	P		21	BI	
	T		24	BP	
	TI		26	C	
	Xi		29	D	
	YD		41	DG	
	Z		43	DI	
	€		47	ER	
			53	EV	
			57	EX	
			66	FP	
			70	FU	
			71	HA	
			74	HX	
			77	I	
			78	IE	
			85	IP	
			85	IX	
			90	JG	
			93	JH	
			97	JL	
				JP	
				JV	
				K	
				L	
				L	
				LO	
				M	
				MA	
				MG	
				MI	
				MO	
				MR	
				N	
				P	
				PE	
				R	
				RI	
				RO	
				RO	
				S	
				SA	
				SB	
				SI	
				SS	
				SV	
				TA	
				VG	
				VI	
				XI	
				Z	

Marcas no curro de Mougás

1974			2001-2014		
Numéricas	Letras	Símbolos	Numéricas	Letras	Símbolos
1	a	λI	00	A	4B
5	FR		03	AA	5X
8	h		04	AD	A2
9	JL		05	AE	A3
55	K		5	AF	A4
71	L		06	AG	A7
	M		07	AI	C2
	MG		10	AP	G3
	N		12	Aq	G8
			14	AR	J5
			15	AV	L8
			16	AX	OZ
			17	B	V4
			21	BI	V5
			22	BJ	X3
			24	BR	X4
			26	CB	X5
			28	CM	X6
			29	CP	X7
			30	DG	
			31	DO	
			32	DZ	
			33	EM	
			34	EP	
			35	ER	
			37	ET	
			38	EV	
			39	EX	
			40	F	
			43	FC	
			44	FP	
			45	FR	
			46	HD	
			47	HM	
			48	HX	
			50	IX	
			51	J	
			53	JC	
			54	JG	
			55	JJ	
			57	JL	
			58	JM	
			60	JR	
			61	JV	
			62	L	
			65	LD	
			66	LO	
			72	LP	
			77	M	
			78	MA	
			80	MI	

			82	P	
			85	PE	
			86	PT	
			87	RF	
			88	SA	
			90	SB	
			93	SD	
			94	SI	
			97	SM	
				SP	
				SS	
				SV	
				TC	
				TK	
				TL	
				TO	
				TX	
				U	
				VI	
				X	
				XF	
				XI	
				XO	
				YD	
				Z	
	RG				
	S				
	T				
	V				
	X				
	Z				



Cadro marcas.

ANEXO 2: DATOS DOS GARRANOS DA SERRA DA GROBA NOS ANOS 1971-2 SEGUNDO PEDRO IGLESIA

Cor da capa

ZONA	CASTAÑA %	ALAZÁN %	NEGRA %	TORDA %	Nº DE ANIMAIS OBSERVADOS
A Valga	90,1	4,2	4,4	1,3	339
Torroña	92,0	4,1	3,7	0,2	986
Mougás	91,2	4,2	4,3	0,3	483
Morgadáns	83,9	6,5	4,9	4,7	250

Estudio zoométrico comparativo entre as poboacións cabalares existentes no norte de España

DADOS ZOOMÉTRICOS	ASTURCÓNS	PONIS NAVARROS	TOPOTIPO DA GROBA	TOPOTIPO R. CENTRAL	TOPOTIPO NORTE
Alzada á cruz	125	126	119	128	130
Altura de peito	60	55	52	57	56
Anchura de peito	43	33	40	46	48
Perímetro torácico	150	145	133	152	161

Produción de crin e número de cabalos


ZONA	NÚMERO DE CA- BALOS	KILOGRAMOS DE CRINA
A Groba	2100 garranos	750kgrs. de crina
O Galiñeiro	300 garranos	120kgrs. de crina
Sabucedo	340 garranos	80kgrs. de crina
Amil	250 garranos	100kgrs. de crina
O Seixo	350 garranos	140kgrs. de crina
O Suído	900 garranos	200kgrs. de crina

ANEXO 3: CONCORRENCIA DE GARRANOS ÓS CURROS DA ZONA DA GROBA

ANOS	A VALGA		TORROÑA		MOUGÁS		MORGADÁNS	
	Adul.	Pold.	Adul.	Pold.	Adul.	Pold.	Adul.	Pold.
1952	400	60	800	120	500	100		
1953	437	69	-	-	417	98		
1954	382	61	712	93	335	50		
1955	391	74	537	67	400	101		
1956	411	68	681	87	400	58	104	38
1957	407	38	690	94	421	64	180	60
1958	489	53	675	121	-	-	190	45
1959	411	69	580	109	515	93	211	42
1960	-	-	721	139	390	49	232	39
1961	522	53	733	110	420	90	264	31
1962	515	60	726	162	413	96	309	49
1963	321	58	653	117	482	82	203	41
1964	335	38	627	94	417	78	260	87
1965	127	24	920	136	462	87	343	122
1966	310	47	782	127	412	93	300	76
1967	331	62	650	107	340	85	217	45
1968	320	53	920	136	460	64	287	70
1969	347	37	976	128	427	83	343	122
1970	350	51	1020	148	450	80	250	73
1971	367	57	1063	194	409	56	158	38
1972	339	50	986	174	500	70	307	92
1973	326	52	1087	169	415	75	389	87

ANEXO 4: NÚMERO DE EXEMPLARES POR PARROQUIA

	1987	1988	1989	1990	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Torroña	172	154	158	112	87	83	72	77	68	64	55	40	55	57	55	57	53	38
San Cibrán	105	101	119	112	233	224	211	203	217	193	136	139	121	139	123	103	102	
A Portela	152	138	139	140	76	68	70	85	57	80	40	41	50	55	54	56	55	
Oia e Vila de Suso	12	16	17	21	11	12	10	11	12	9	4	4	4	6				
Mougás	168	168	182	165	167	152	160	157	157	147	145	126	123	114	104	108	96	87
Loureira	141	143	151	137	108	101	98	103	111	98	89	89	108	116	114	90	69	71
Barrantes	141	143	151	137	108	101	98	103	111	98	89	89	108	116	114	90	69	71
Belesar	143	138	158	135	146	144	130	123	110	101	92	102	118	126	112	109	119	108
Burgueira	77	81	92	101	144	110	109	112	95	66	46	45	43	43	36	34	44	53
Baredo	77	81	92	101	69	75	69	84	92	89	73	65	70	70	80	79	83	70
Baña	245	251	248	261	236	216	201	201	189	179	160	180	197	205	196	178	176	200
TOTALS	1433	1414	1507	1422	1385	1286	1228	1259	1219	1124	929	920	997	1047	988	904	866	698



BIBLIOGRAFÍA

- ASOCIACIÓN CURROS DA GROBA, Libro de socios e marcas. Anos 1987-1990.
- ASOCIACIÓN DE GANADEROS DE CABALLOS MONTE DA GROBA. OIA.Libro de registro de socios y marcas, Anos 2001-2012.
- BÁRCENA, F, “Los garranos de los montes gallegos”. Conferencia, Club Faro de Vigo 14 octubre 2013. Vigo.
- BÁRCENA, F. “Qué son os cabalos salvaxes de Galicia?”. Xornadas O cabalo salvaxe en Galicia, Rábade, Lugo, 2013
- CAAMAÑO FERNÁNDEZ, ROSA ELVIRA, *Los caballos en el arte y en la historia. Desde sus orígenes hasta la Edad del Hierro*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2013
- IES TERRA DE TURONIO, VV. AA. *Ceibes no monte.*, Vigo, 2014
- IGLESIA, P. 1973. *Los Caballos Gallegos Explotados en Régimen de Libertad o Caballos Salvajes de Galicia*. Tese, Facultade de Veterinaria. Universidade Complutense de Madrid. Madrid.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C & FUERTES PRIETO, N. Área de Prehistoria - Universidad de León. “La romanización del noroeste de la Península Ibérica y las modificaciones en la presencia, uso y consumo de mamíferos”.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. “Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)” <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/mcroal207.htm>. En prensa: La Voz de Galicia (02.03.2010)
- FERNÁNDEZ RODRIGUEZ, C. “¿En los petroglifos se representaron caballos o cebras?” http://www.lavozdeg Galicia.es/sociedad/2010/03/02/0003_8327658.htm
- LAGOS, L.(2013) *Ecología del lobo (Canis Lupus), del poni salvaje (Equus ferus Atlanticus) y del ganado vacuno semiextensivo (Bos taurus) en Galicia: interacciones depredador-presa*. Tese, Universidad Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- En prensa: La Nueva España. 7 novembro 2012
- ARCE, L.M.: “El cebro, un enigma zoológico” <http://www.lne.es/asturama/2012/11/07/el-cebro-un-enigma-zoologico/1323187.html>
- NORES, C.: “Del cebro ibérico a la cebra africana”. Revista BIOLÓGICA, novembro de 1996, nº 2.
- VIEIRA E BRITO, N. VIEIRA LEITE, J (Coord.)4 “Batidas, o patrimonio garrano: livro genealógico: funcionalidade”. Candidatura a Patrimonio Nacional. Instituto Politécnico de Viana do Castelo, 2011

INTERNET

Cavalo Garrano, Candidatura Patrimonio Nacional.

<http://garrano.ipvc.pt/index.php?section=2>

Padrão da Raça Garrana.

<http://sitiogarrano.no.sapo.pt/Padrao%20da%20Raca%20Garrana.htm>

El enebro: ¿caballos salvajes en España?

<http://criptonatura.blogspot.com.es/2015/01/el-enebro-caballos-salvajes-en-espana.html>

Cabalo pura raza galega.

<http://www.puraga.es/gal/>

<http://www.cabalogalego.com/asociacion-cab-gal.htm>

Top cavalls. Plataforma para la Promoción y Servicios ecuestres. Evolución del caballo.

<http://www.topcavalls.com/historia2.asp>

Campogen Laboratorio. Diagnósticos Genéticos.

<http://www.campogen.com.ar/equinos.php>

SHERWOD, RENA. *Diferencias científicas entre cebras y caballos.*

http://www.ehowenespanol.com/diferencias-cientificas-cebras-caballos-info_214963/

MUJICA, FERNANDO; OBREQUE, VICTOR; HINRICHSSEN PATRICIO y COTHRAN, GUS. Recuperación, conservación y caracterización del caballo chilote.

<http://mingaonline.uach.cl/pdf/agrosur/v33n1/art07.pdf>

GUERRERO HERRERO, MAX. *La leyenda del auténtico caballo Mustang. Amigo Ranch* - Asociación deportiva de doma western.

<http://euskalhorse.net/hipica/newphp/readfile.php?filetype=newarch&id=575>

Los caballos salvajes gallegos facilitan la conservación del lobo y atenúan las pérdidas de los ganaderos, según el CSIC.

<http://www.europapress.es/sociedad/medio-ambiente-00647/noticia-caballos-salvajes-gallegos-facilitan-conservacion-lobo-atenuan-perdidas-ganaderos-csic-20140218105007.html>

Equus hemionus.

<http://www.iucnredlist.org/details/7951/0>

Caballos salvajes, ¿en peligro de extinción?.

<http://www.farodevigo.es/galicia/2011/11/20/caballos-salvajes-peligro-extincion/599147.html>

4.000 años de historia borrados por ley.

http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/10/10/galicia/1349903140_527448.html

<http://sosgroba.blogspot.com/es/>

Manifestacións contra o microchip 10 xullo 2012.

<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2012/07/09/marcha-microchip-galopa-vigo/663782.html>

http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2011/10/07/0003_201110V7C11991.htm

<http://sosgroba.blogspot.com/es/2011/10/presentacion-ante-os-medios-da.html>

Outubro 2011.

<http://www.baionatv.com/apps/photos/album?albumid=14984710>

NOTAS

- 1 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C & FUERTES PRIETO, N. Área de Prehistoria - Universidad de León. *La romanización del noroeste de la Península Ibérica y las modificaciones en la presencia, uso y consumo de mamíferos.*
- 2 NORES, C. : “El cebro un enigma zoológico”.
<http://www.lne.es/asturama/2012/11/07/>
- 3 <http://garrano.ipvic.pt>